

FREI MARTÍN SARMIENTO



DÍA DAS LETRAS
galegas

GRUPO DE EMPRESAS INTAF / TECMAN

INTAF, S.L.

INDUSTRIAS Y TALLERES FRANCO %



- Mecanizado Convencional y C.N.C.
- Calderería Media y Ligera
- Soldadura y Recargues Especiales
- Diseño y Construcción de Máquinas y Bienes de Equipo
- Mantenimiento Industrial

Tel: 981-397281 / Fax: 981-397282
E-Mail: general@intaf.com

Carretera de Cedeira, Km. 1,5
15407 / Freixo - Narón (A CORUÑA)
www.intaf.com



TECMAN

Mantenimiento y Servicios

- Mantenimiento Industrial y Reparaciones
- Montajes e Instalaciones
- Fabricación y Suministro de Racorería, Mangueras y Latiguillos
- Suministro de Repuestos y Equipos Industriales

Tel: 981-397283 / Fax: 981-397284
E-Mail: tecman@intaf.com

TRABAJANDO CON FIDELIDAD A NUESTROS
PRINCIPIOS FUNDAMENTALES DE
PROFESIONALIDAD, EFICACIA EN LA
RESPUESTA Y CALIDAD INTEGRADA EN LA
GESTIÓN, EN EL PRODUCTO Y EN EL SERVICIO
AL CLIENTE COMO FRUTO DE UN
EQUIPO HUMANO ALTAMENTE CUALIFICADO



Defensor do galego

A Galicia que ve Sarmiento é unha Galicia rica que ofrece o mellor de si á Coroa, recibendo en troques todo tipo de trabucos e cargas. O fondo reivindicativo que se palpa na obra do frade fixo que até hai pouco, fose silenciada cando non ignorada.



O interese pola lingua levouno á pescuda dos orixes dos topónimos o longo da xeografía galega. Na imaxe, un transcripto dunha relación toponímica histórica galega e a súa correspondente actual

XULIO VALCARCEL

O Pai Sarmiento foi un enérxico defensor da nosa lingua e da súa utilización en todos os ámbitos. Que a penas escribise en galego é algo comprensible. Pasou a maior parte da súa vida en Madrid, e aínda que estudou en Galicia foi escolarizado en castelán.

Cómpre situarse nas circunstancias sociais do seu século: descoñecía a existencia do galego escrito, o noso

Compre situarse nas circunstancias sociais do século XVIII

idioma estaba desprestixiado, marxinado e nesa tesitura era impensable que alguén con pretensións de erudito se manifestase en voz alta a favor da salvagarda do galego. Sarmiento fixo, sen embargo, unha apaixonada defensa.

Foi precisamente o Pai Sarmiento un dos primeiros en descubrir, despois de ler ao Marqués de Santillana, que o galego fora tempo atrás, durante a Idade Media, unha lingua de cultura, amplamente utilizada nos cancioneiros, mesmo alén das nosas fronteiras.

A defensa a ultranza da nosa lingua e da nosa cultura procede do seu intenso amor a Galicia, tal como o demostra o que lle escribe ao seu irmán Xabier:

"Nada vexo, nada oio, nada palpo, nada leo, nada escribo...

bo..., que non teña á vista Galicia." E engade noutra carta ao mesmo interlocutor:

"Nese país carne é carne, o peixe é peixe, a froita é froita..."

A Galicia que ve Sarmiento é unha Galicia rica que ofrece o mellor de si á Coroa, recibindo en troques todo tipo de trabucos e cargas. Imposición de rendas e foros por parte de institucións centralistas e de institucións eclesásticas, control exterior e imposición de cargos políticos e relixiosos vencellados ao poder central.

A este respecto, analizando as causas que determinaron a preterición social do noso idioma, dirá Sarmiento:

"Non poucas veces pensei en cal foi a causa de que en Galicia se introduxese o uso ou abuso de escribir en castelán o que antes se escribía en latín ou galego. Non hai xénero de escritura, tes-

O primeiro diccionario gallego-castellano está baseado na súa obra

tamento, doazón, venda, contrato, foro, arrendo... que eu non teña visto ou lido en Galicia en latín ou en galego."

E suxire a seguinte explicación para ese abandono:

"Non os galegos, senón os non galegos que a principios do século XVI asolagaron Galicia, non para cultivar as súas terras, senón para facerse carne e sangue das mellores, e para cargar cos máis copiosos empregos así eclesíasticos como civís. Eses foron quen por non saber a lingua galega, nin por palabra nin por escrito, introduciron a monstruosidade de escribir en castelán para os que non saben senón o galego puro. Esta monstruosidade é máis visible nos empregos eclesíasticos."

A preocupación de Sarmiento polo galego foi precoz. Con somente dezanove anos concibe a idea de elaborar un diccionario coas correspondencias en galego, la-



A costa do Grove e Sanxenxo, segundo as súas descrições

tín e castelán.

Sarmiento é un dos teóricos que establece a orixe común dos tres idiomas:

"La lengua gallega y castellana no son sinó dos dialectos de la lengua latina... Cuanto más se retroceden siglos, cuanto más coinciden estos dos dialectos".

A partir da súa viaxe a Galicia, en 1745, a lingua galega ocupa un lugar preferente nos seus estudos, recollendo en cadernos todas aquelas verbas que escoita, percatándose das peculiaridades de cada rexión e considerando que se debía facer o traballo por zonas, atendendo á pronuncia e ás formas propias de cada sitio.

Estas primeiras colleitas serán un alicerce fundamental para as obras lexicográficas posteriores.

Por exemplo, o primeiro diccionario gallego-castellano, dunhas catro mil palabras, do presbítero Francisco Xabier Rodríguez, publicado no ano 1863 – aínda que de elaboración anterior – está baseado na obra do Pai Sarmiento feita un século antes e a quen Rodríguez acude como

A partir da súa viaxe a Galicia, a lingua ten un lugar preferente nos seus estudos

opinión cualificada.

Sarmiento maniféstase contra as burlas e escarnios que decote sufrían os que se expresaban en galego e mesmo os que se expresaban en castelán con acento galego – como era o seu caso –, denunciando ao clero e á burocracia por ignorar e desprezarse o galego, idioma natural de Galicia, coñecido pola inmensa maioría e útil para calquer uso, rexeitando asimismo a "quimera" dun lingua universal úneca por ser cientificamente inviable, xa que é imposible un acordo nunha pronuncia úneca, cando sen saír dun mesmo país xa hai varias diferentes.

Sarmiento defende a dignidade da lingua galega e a necesidade do seu estudio polos rapaces, polos mestres e por todos aqueles funcionarios e autoridades que tivesen destino na nosa terra:

"No sé como toleran los obispos que curas que no son gallegos, ni saben la lengua, tengan empleo. Son innumerables los chistes vergonzosos que se cuentan de esa iniqua tolerancia..."

A orixe común do galego e o castelán

A preocupación de Sarmiento polo galego foi precoz. Con somente dezanove anos concibe a idea de elaborar un diccionario coas correspondencias en galego, latín e castelán. Sarmiento é un dos teóricos que establece a orixe común dos tres idiomas:

"La lengua gallega y castellana no son sinó dos dialectos de la lengua latina... Cuanto más se retroceden siglos, cuanto más coinciden estos dos dialectos".

Sarmiento é un dos teóricos que establece a orixe común dos tres idiomas.